


Núm. 63

Tomo 6.º

nós





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Real, 36 1.º—A CRUÑA

ABONAMENTO

<i>Doce números, na Península</i>	6'00 pesetas.
<i>Fora da Península</i>	8'00 "
<i>Número solto</i>	0'70 "

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-elas emitidas, a non ser das que por non iren rubradas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

As catro viúvas, A. GUMERA (TRAD. ABEL DEMO),
(Vilas Galegas) Rianxo, por ARTURO NOGUEROL.
O Movemento Pan-Celtista, por S. N.
Cancioeiro das Ribeiras do Tea, por F. BOUZA BREV e L. BREV BOUZA.
Arquivo Filolóxico i-Etnográfico de Galiza.
Os homes, os feitos, as verbas, POL-A REDACCIÓN.

Reloxería ZENITH

MAQUINAS PARLANTES. DISCOS
AGULLAS e ACCESORIOS

M. CALVIÑO - Ourense

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.º

Ourense

EMINENTE CREAZÓN CENTÍFICA

Milleiros de certificados irrefutabres de Xueces, Fiscales, Xefes do Exército, Inxenieiros, Cregos, etc., etc.

Enfermos **¡ollos!** dos ollos PRODI GALUZ

ENFERMEDADES INTERNAS I-EXTERNAS

PÁRPADOS

Marca rexistrada según as leis

Prepado pol-o Doctor X. Martínez Menéndez

Condecorado coa Cruz do Mérito Militar por servicios profesionaes.

Específico único en todo o mundo; que cura radicalmente as enfermidades dos ollos, por graves e crónicas que sexan, con rapidez asombrosa, evitando operacións quirúrxicas que con tanto fundamento atemorizan ós enfermos. Desaparición dos dolores e molestias coa súa primeira aplicación. Eminentemente eficaz nas oftalmías graves e por excelenza as granulosas (granulazóns purulenta e blenorrea, queratitis, ulcerazóns da córnea; rixas, etc.) As oftalmías orixinarias de enfermidades venéreas cúraas axiña. Maravilloso nas infeccións postoperatorias. Fai desaparecer as cataratas en período de formazón. Destrua microbios, cicatriza, desinfecta e cura para sempre. Non mais remedios arsenicales, mercuriales, nitrato de prata, azul metileno e outros tan terribles usados nas clínicas. As vistas débiles e cansas adquiren prodixiosa potencia visual. ¡Non mais brétemas! ¡Sempre vista moi crara! ¡Non fracasa endexamais! O 99 por 100 dos enfermos dos ollos cúranse antes de rematar o primeiro frascoño do específico.

Cura sin queimar PRODICALUZ Cura sin irritar

PRODICALUZ eclipsa para sempre o tratamento pol-os colirios conocidos deica hoxe en todol-os gabinetes oculísticos; colirios que na maior parte dos casos non fan máis que empeoraren o mal, irritando órgano tan importante como a mucosa conxuntival. Fai desaparecer o nitrato de prata, causa de verdadeiro terror dos enfermos e de moitas cegueiras. Aplíquese nos recién nados sin temor algún.

PRODICALUZ cura o glaucoma

PRODICALUZ é completamente inofensivo, e produce xurdios resultados sin causal-a menor molestia ós enfermos. Detén a miopía progresiva. ¡Enfermos dos ollos! Estade seguros que curaredes en brevisimo tempo usando o portentoso específico PRODICALUZ (Eisixide a firma e marca no precinto da cuberta).—Prezo do frascoño: 40 pesetas.

Dirección xeneral: Sucesor de E. Cuadrado, M. Martínez Cuadrado. - S. Buenaventura, 7, Madrid

ENVÍOS A TODAL-AS PARTES :: PAGOS POR XIRO POSTAL

¡Eisito infalible! Sin cocaína, atropina nin ningunhas outras substancias peligrosas como se pode comprobar sometendoo a un minucioso análisis cualitativo

¡¡ ÚNICO NO ORBE !!

M. MARTÍNEZ CUADRADO, Sucesores de E. Cuadrado. - San Buenaventura, 7, Madrid

P A R D O

ÓPTICO CENTÍFICO

Preguntoiro, 32
SANTIAGO

San Andrés, 50
A CRUÑA

CASA BISCROSIVAMENTE ADICADA A ÓPTICA CENTÍFICA

FOTOGRAFADO

Si quer qu-os seus fotografados sexan o mais perfecto posibles, convenlle envialos aos

Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

Axiña aparecerá

o segundo libro de

C O U S A S

por CASTELAO.

F. ROMAN E SACO

DROGUERIA

e FARMACIA

Pereira, 19

Teléfono 28

OURENSE



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XI ★ Ourense 15 de Marzal do 1929 ★ Núm. 63

Letras catalanas.

A S C A T R O V I U V A S

LEMBRANZAS

*Noite de Viernes Maior,
que tristura me deixabas
con aquil ronsel de luces
e de facer apenadas*

*e marmurio de orazóns
como de chuvia maina;
pechando os ollos no leito
já a precisión principiaba!*

*Catro viúvas, catro son
que levan a Imagen Santa:
a mais vella oitenta anos,
setenta a mais anovada.*

*Camiñan pouquiño a pouco,
si unha chora outra lle gana,
mais chora aínda a Soedade
riba das costas portada.*

*Ollan pra a terra os seus ollos
como buscando onde caían
e toupiñando e gemendo
as catro vellas a agoantan.*

*A viúva do pescador
ten nos ollos o azul da auga;
á do muiñeiro, o vento
puxo a testa enfariñada;*

*a viúva do labrego
que cõr de terra na cara!
a do ferreiro, no peito
sinte o balbordo da fragua...!*

*Ao cabo de tantos anos
aínda ao pé da miña cama
nas longas noites do inverno
vejo a precisión que pasa.*

*E, aí!, elas son todo un mundo
que de pasar non remata
e trunfante vai a dõr
riba das costas portada.*

ANGEL GUIMERA

(Trad. ABEL DEMO).

VILAS GALEGAS

R I A N X O

Rianxo según os etimoloxistas da vila ven de río ancho; outros fan-o vir de *ri* e *anxo*, e din que significa surrisa de anxo; pero ó meu parecer, rianxo significa centro de abastecimento, porque en galego rianxo, salvo o millor parecer dos homes de sabencia, é mercancia comestible, trato de abastecimento; «vai n-o rianxo», «anda ó rianxo», son ditos que o confirman e que se oucen todol-os días entr-os que abastecen as prazas; rianxeiro equivale a tratante en cousas de comer y-arder.

Rianxo é unha das peiras que forman o torques con que se adobia a ría d'Arousa; alóngase á veira do mar y-o cocho de Punta Fincheira, com-un bando de gaivotas pousado, do que a capela de San Bartolomeu é a avanzada y-a igrexa de Santa Columba e o corvo vello que está á ventar os enemigos.

Rianxo mira ó mar pol-o Weste e por iste gallo ten as fermosas postas de Sol de que tanto se gaban os rianxeiros de Rianxo: «Vilagarcía non ten estas postas de Sol», dixo un día unha pesca mirando ó ceo e dispón-dose a marchar co-a sua cesta de peixe pol-as corredeiras adiante á busca dos *patacós*. Eu non sei si é sabencia ou estinto; pero o que si podo asegurare é que os vilegos de Rianxo, a ría, as postas de Sol y-a paisaxe, ten-os un pouco tolos: ón Veterinario que veu á vila a ver si lle conyiña o sitio pra tomar posesión do cargo de Inspector de carnes, o que o acompañaba non lle falóu das avinzas co-as sociedades de seguro de gado, nin da possibilidade de organizare a inspección dos porcos; pero en cambio colléuno pol-o brazo y-acenándolle cara Portomouro dixolle: «Fíxese n-ise cadro; dentro de cinco minutos farán falla outros pinceles».

A vila de Rianxo ten tres rúas y-un mercado pol-as mañans, que son pra todal-as vi-

las com-os tres lados ou os tres vértices ó triángulo; pra que haxa un lugar ou taboaza non fan falla mais que unhas cantas casas c-os tellados fumegando ás doce do día y-ó atardecer, unha fonte, unha eira y un cruceiro, pra facer ó pé d'il a trullada ou a pandeirada, pr-unha feligresia ou concello é necesario ademais un forno de cocer pan, unha taberna y-unha igrexa c-o seu adro y o camposanto ó pé; o adro y-o camposanto son o sino aparente da municipalidade; mais pra facer unha vila son necesarias ainda mais cousas: tres rúas, unha praza y-un mercado diario ou semanal, expresión do hinterland comercial.

As rúas da vila de Rianxo ainda teñen pudor urbano, pois non foron aldaxadas pol-os analfabetos con letras pón-dolle nomes mais ou menos decorativos ou cursis: chámanse: «Calle d'arriba», «Calle d'abaixo» e «Calle do medio». Nomes sinxelos, pero acadados e que espresan moi ben o plan que presidiu a formanza da vila: rúas ó correr e tarreo en costa. A rúa do medio é o espiñazo da vila y-ó seu cabo do Sul érguese a igrexa parroquial; e n-a rúa d'abaixo hai unha casa antiga, de canteiría escura, que pasa deica o medio da calle sostida por tres arcadas, que pousan en duas pilastras, pra atestiguare o espírito anárquico da raza y-o poder do dono. As rúas están tan ben tiradas que a vila resulta muy agarimosa. Seria de sentir que fose adiante a idea d'algús vilegos que cobizan a formanza d'un prano da vila.

Rianxo foi unha vila importante e con carácter propeo: os seus escudos numerosos responden do seu nobre orixen; as suas fiestras con soportes pra colgar as redes testimoñan a sua puxanza mariñeira d'outro tempo; y-os patís ás portas das casas, que en mal hora foron desfeitos, acusan a primeira

necesidade das rianxeiras: a de estar n-a casa e n-a rúa ó mesmo tempo pra, sin desatenderen o traballo, velar ós rapaces namentras enredan ó pincho, enredo con que seguramente se preparaban n-outros tempos os bós arpoeiros. De prosperal-o criterio burgués d'unha gran parte dos vilegos, inspirado sin dúbida pol-os libros de carpintería barata, dentro de cincoenta anos non merecerá a pena de visital-a vila; sin embargo, é de xusticia facer presente que os encargados de administrare os intreses do Concello están orientados n-o sentido de milloral-a sin que perda a súa maneira de ser; e xa deu comenzo ó restauramento da súa praza trasladando pr-ela un cruceiro pra reemprazare ó que a incultura letrada sacou d'ela co-aprobanza dos chamados «fillos do pueblo», que, coma en total-as partes, non fan nin deixan facer.

Rianxo é un semilleiro d'artistas no mais outo senso da verba, digano sinon os Castelaio, os Dieste y-os Manuel Antonio; non en balde foi o seu fundador un poeta de freba coma Pay Gómez Charifo.

Rianxo foi unha vila puxante namentras os seus escudos pesaron algo n-a súa vida, representando luxo, cultura, vida de sociedade; pero agora está n-un estado de estancamento grandísimo producido pol-a abundancia da pesca n-outro tempo, n-a idade do ouro dos mariñeiros de fai quince ou vinte anos, e pol-a «maldita falla de necesidás» que padece a masa mariñeira; abundancia e falla de necesidás que se reflexan n-iste cantar que n-os días de faxurda lle fai toupar o peito de contento ós mariñeiros cando

o cantan dispois de teren a bordo unhas chiquitas de casol:

«Teño lanchas, teño redes,
teño sardiñas n-o mar
teño unha mocíña bonita
quen me manda traballar»

À falla de necesidás y-á abundancia de outro tempo, debe Rianxo a falla d'unha masa artesana ilustrada y-a natural imprevisión e socordia dos seus habitantes; e como a habilidade y-a industria dos homes non se inventa nin se aumenta de repente, d'eiqui o que, habendo fuxido a sardiña da ría xa fai anos e esprotado sin tino os criadeiros de marisco, por aquilo de que *quen veña atrás que arree*, atravesa a vila unha crisis que mete espanto e que a súa economía estea derrengada namentras lugares mais probes, en canto a fontes de riqueza, com-os da feligresía de Taragoña, loiten na vida con ventaxa debido á capacidade de traballo que lle dá a súa falla de medios; a Rianxo pásalle o que ó mozo nugallao de casa rica que de repente s'atopa co-a faltriqueira valeira e non se sinte con forzas pra matal-a preguiza nin pra facerlle frente á vida. Rianxo confía no milagre; mais non ten fé n-o propio esforzo: está a esperar que lle chuvisque. ¡Que lástima de Vila!

ARTURO NOGUEROL

Rianxo, Febreiro.

O MOVEMENTO PAN-CELTISTA

No meio do actual espertamento das razas e dos povos, que coma reacción vital necesaria—obedecente se cadra á lei dinámica de polaridade que rixe á natureza—en contra do uniformismo asoballante da decadencia europea, destaca c'unha suprema impor-

tanza pra nós, o movemento *pan-celtista*, hoxe en plea actividade na Bretaña, Gales, Escocia, Irlanda, agás Galiza.

Iste movemento, que non é cousa nova, nin tampouco descoñecida do gran público, pois as fotografías das festas e cerimoniais

bárdicas e druídicas veñen na imprensa ilustrada do mundo inteiro, ten coma base o culto das línguas ancestrales, e coma un dos seus órgaos mais importantes e característicos, o *Gorsedd* ou asociación dos bardos, que existe en Gales, Cornuall e Bretaña. O *Gorsedd* provén do antigo Colexio dos Druidas, o qual foi feito desaparecer pol-os imperadores romanos na Galia, mais perpetuouse en Gales, onde tiñan certames poéticos diante de xueces nomeados pol-o Rei, e sobreviveu á introdución do cristianismo, e á persecución d'Eduardos I d'Ingraterra, conquistador de Gales, e tiveron grande influencia social deic'o tempo da Rainha Isabel, conservándose despois. No 1900 foi implantada na América, e despois introduciuse o costume d'asistiren repersentaciós das outras nacións céltigas á xuntanza anual de cada *Gorsedd*, e á cerimonia da espada partida, símbolo de unión pancéltica.

En Gales, a Orde reformada dos Bardos din que foi fundada por Merlin en 940, e reformada por Gryffyth ap Conan en 1078. Divídese en tres castes: Druidas, coñecedores das ciencias, Bardos ou poetas e Ovates ou músecos; os primeiros levan túnica e manto branco, os bardos azul e os ovates verde. Goberna a corporación un Archidruída. No tocantes a outras manifestaciós d'erguemento nacional en Gales, lembraremos ós nosos lectores a parte activa que n-ill ten tomado o ministro británico Lloyd George, antusiasta celtista gálés, e a fundación e inauguración do Museu Nacional de Gales (*Amgueddfa Genedlaethol Cymru*) en Cardiff, que fora relatada no *Pueblo Gallego* por Plácido R. Castro.

Na Armórica ten a Orde a mesma orgaización, e celebra a súa xuntanza anual arredor d'algún moimento megalítico dos que tan abondo s'atopan n-aquela terra. A derradeira foi por Setembre do ano pasado, no dólmen de Locmariaker, e n-ela recibeuse coma bardo o noso querido amigo Philéas Lebesgue. Tamén é importante o movemento nacional bretón. Órgao d'ill é a revista *Le Consortium breton*, a qual enviou no 1927 unha delegación composta pol-o Visconde de Saisy, e os Sres. Le Berre (bardo Ab Alor), Jaffrennou (bardo Taldir) e Boudard,

en misión ás terras insulares céltigas. Esta misión propúñase ademais tres fis prácticos: 1.º Determinar troques d'ideias e obras antr'os intelectuás e letrados da Bretaña inglesa, traguelos a se comprenderen e se compenetraren pol-o coñecimento das línguas celta, francesa e inglesa. 2.º Botar-as bases de troques comerciás direitos por mar, importaciós, exportaciós, antr'os produtores e frabricantes da península armórica e os seus colegas de Gales, d'Irlanda e d'Escocia; traballar pra rebaixal-as barreiras da alfândega, suprimil-os pasaportes, traguel-o franco e o chelín ó seu curso normal. 3.º Orgaizar un ir e vir turístico contino antr'as Illas e o Oeste da Francia; criar eiqui unha Oficina de relacións interfamiliares que permita trocar os nenos nas vacaciós. Apuntámol-o feito pol-a súa eixempraridade.

A relación do viaxe, feita pol-o bardo Abalor, amóstranos ós ilustres misionarios bretós percorrendo, vestidos co seu traxe nacional, a Escocia, os Highlands, as Hébridas, Irlanda, Gales, antr'o cordial acollimento que lle fan en todos lados, e amóstranos tamén o vivo qu'está o sentimento céltigo en todas aquelas terras. Afeitos com'estamos pol-a xeografía oficial das cadeiras docentes e dos libros de texto a aquilo do Reino Unido da Gran Bretaña, sen mais especificación, sempre nos sorprende unha miga o enteirármonos de que hai un patriotismo escocés, e de que ise patriotismo sinteno lores, negociantes, militares qu'estiveron na gran guerra, e que visten ó *kilt* gris nacional, tocan a gaita e cantan a *Bonny Dundee*...

Na Escocia non existe hoxe o *Gorsedd* dende 1748, mais hai moita literatura na língoa céltiga, e hai asociaciós, imprensa e xuntanzas chamadas *Mod* nas que figura toda a aristocracia d'aquela terra.

Tampouco existe o *Gorsedd* na Irlanda; os bardos desapareceron en 1690 co-a batalla de Boyne. En troques hai a Liga Gaélica (*Comúin na Gaedhilge*) da qu'a y-alma é aínda hoxe o ilustre filólogo Douglas Hyde, profesor da língoa gaélica na Universidade Nacional de Dublín.

O *Gorsedd*, que se propón a conservanza da y-alma céltiga, ten por base a língoa, a

literatura e a música. Dase unha gran importancia á música e ó canto. O instrumento característico da raza é a gaita (*biniou* en bretón, *pibbrog* en escocés). Todas as cerimonias druídicas e bárdicas fanse en lingua céltica, e a súa coñecencia é precisa pra ser admitido no *Gorsedd*. D'estas cerimonias, a mais importante é a xuntanza dos dous anacos de espada do rei Artús. A leenda refire qu'Artús partiuna en dous anacos e profetizou que cand'íles se xuntaran, a Céltica inteira había recobral-o seu esplendor. Na xuntanza do *Gorsedd* collen os druidas os dous anacos da espada, xúntanos e átanos c'unha fita das coores das diferentes bandeiras: é o símbolo da unión das terras célticas.

Galiza e Portugal áchanse arredadas d'iste movemento pan-celtista principalmente por teren perdido a antiga lingua céltica que

con seguranza eiquí se falou e que tantos sinais deixou na toponimia, embora non sexan moitos os que perduran na fala corrente galego-portuguesa. Non por iso deben ficar indiferentes. A vella raza dos fisterres, da que a cultura foi asoballada cando emprincipiaba a agromar pol-o imperialismo romano, ten agora diante de si un farto porvir de creación e de forza. Quen sabe si non ha ser ela a descubridora d'un novo mundo espiritual, a que traia as táboas da nova lei! En todo caso, o mundo da cultura, o mundo das creaciós do home, é un mundo de loita, é un campo de batalla onde vence a meirande forza do espírito, onde triunfa a vontade de vivir.

O primeiro e o derradeiro é de cote o querer ser.

S. N.

CANCIOEIRO DAS RIBEIRAS DO TEA

PRESENTADO Ó SEMINARIO DE ESTUDOS GALEGOS
NO MES DE OUTONO DE 1928

A riqueza da poesía popular galega non foi esprotada senón parcialmente, pois tan só facendo a recolleita por localidades pódese chegar a un coñecimento total n-un momento dado do que a alma do noso pobo a se deitar en cántigas pode dar de sí.

Tendo en conta que en Portugal van recollidos mais de cuarenta mil cantos según os cálculos de Teófilo Braga (1) e considerando aínda mais que das nosas coleiziós mais completas, a de Ballesteros e a de Saco e Arce, a primeira está feita tendo por base principal as cancións das bisbarras cruñesas sómente (2) e o segundo (3) pol-as ourensanas e poucas localidades mais, comprendemos axiña a necesidade da recolleita pra completar a labouira dos sabidos esculcadores.

Dende logo cada rexión xeográfica ten en Galiza as suas cántigas especiaes; especialización que depende da variedade de costumes, de cultivos e de traballos; da proximidade de núcleos urbanos, de santuarios sonados ou de outras devoziós; de sucesos ins-

piradores, en fin, da musa aldeana, con respecto a aqueles que teñen de informar a vida cuotidián de outra rexión; mais eisiste tamén un sedimento común, ó parecer, no pobo galego formado por cántigas vulgarizadas de abondo e que se saben en todas as aldeias, tal vez pol-a súa mór antiguidade, tal vez por ter a súa mesma naturalidade poética impresionado a memoria popular que leva á que a copra inzada de inspirada espontaneidade fique sempre na lembranza campesía e atén de istas cántigas comúns eisisten outras que reunindo as condicións devanditas, hai, non embargante que facer con elas adaptaziós locais, xeográficas, en consonanza ca paisaxe verbigraya.

Ningunha de elas é escruída da coleizión presente xa que aínda as mais conecidas e vulgares serven pra investigar os motivos de tal querenza por parte do pobo.

Escollimos a rexión *das ribeiras do Tea* pra encaixar as cántigas presentes xa que elas foron percuradas nas parroquias de Fornelos da Ribeira, Salvaterra de Miño,

Pesqueiras e Pontareas principais, todas emprazadas n-unha zona característica que leva na nosa xeografía económico-rural o calificativo de *terras do Condado*, de cujos productos o mais singular, que é o viño, vai sempre acompañado nas transazóns agrícolas pol-a dita expresión referente ó tiduo de Salvaterra, vinculado nos Sarmentos da casa do Sobroso. Non pretendemos ter esgotado nin moito menos a seitura de cántigas actualmente cantadas por se tratar de unha longa extensión a indicada pol-o epigrafe. Así, pois, o estar á veira do río Tea, afluente pol-a dereita do río-pai, o sagro Miño, non é outra cousa que unha nota común ós lugares do noso inquérito.

Por outra banda, eiquí non esporamos toda a rica variazón métrica do noso folklore cantado. Sómentes as *quadras ou cantos de Alalala* como lle chama Murguía (4) ou sexa as cuartetos octosílabas foron as recollidas. As que aparecen na colección que non seguen esta forma métrica é que son, pol-o xeral, os seus estribillos, salvo as que parecen anacos de romance, conforme indicamos nas notas.

Con respecto ás cántigas comúns en toda Galiza, de que xa falamos, temos eiquí a sobradamente coñecida:

Unha noite no miño... (n.º 142)

ou os núms. 38, 60 e 82.

Especial de ista bisbarra é indubitabelmente a 26:

*Fun ó serán a Letrado
e volvíu por Tortoreos...*

e das adaptadas poden citarse a de

*San Antonio de Canedo
casamenteiro das vellas...* (n.º 45)

a 151, e millor aínda a 184, cujos paralelos poremos na nota correspondente.

Aparecen eliminadas as francamente obscuras inda que coidemos que deben recollerse e publicarse, non en revista, que pasa por total-as mans, senón, debidamente comentadas, en lugar aparte pois son tamén fonte lexicográfica e de análise temperamental e íntimo do pobo, xa que, como falaba Menéndez Pelayo en caso análogo, non se editan certos libros nin se fan certos es-

tudos pra andar por mans de escolantas de conventos. En troques facemos figurar copras baixo o rubro de picarescas que non é posíbel, no estado dos estudos folklóricos, ocultalas ó coñecimento dos investigadores e comentaristas etnolóxicos. Son simples reticencias sin sentido recto, gala da nosa picardía labrega. Grande é a proporción das que tratan do crego e da ama, «unha de isas facecias vinculadas xa ó fondo común do humorismo popular» asegúñ comenta doña Emilia Pardo Bazán (5) e pol-o mesmo de ningún xeito desbotables si se quere coñecer o cadro completo do parnaso do pobo galego.

Pareceunos prudente pra facer doado o eisamen da pequena colección clasificalas e fixémoslo atendendo ó contido, asegúñ tamén o tiñan feito os devanditos, inda que sen seguílos inteiramente por parecernos excesivo o número de términos da clasificación. Tivemos en conta as indicazóns sempre mestras de Risco, mais non é fácil incruir ningunha das cántigas collidas dentro das *impías*, nin das *de rebeldía* que preconiza (6) anque a grande abastanza de cántigas de *Desdous e desprezos* indica dende logo unha outiveza que dá moito a prol da xente de istas terras raianas.

Depois das cántigas de *Desdous e desprezo* son as *amorosas*, as *humorísticas* e as *picarescas* as predominantes. Pro considerando que moitas vegadas non é moi posíbel topar as diferenzas entre estes dous términos derradeiros, teremos que, fundindo os dous baixo a denominación de *humorísticas*, serán istas as máis do Cancioeiro, facéndose por tanto boa a observación que Machado fixera xa ó comentar o Tomo I do de Ballesteros respecto á ser o inxenio dos galegos, revelado pol-a canción popular, «fino, agudo e dado á sátira» en conformidade ca mór cantidade de trovas *burlescas*.

Por fin faremos notar como n-este pequeno mangado de frescas rosas silvestres hai algunha digna da futura antoloxía da nosa lírica popular que algún día tencionaremos seguindo a Portugal (7). Lembremos agora a n.º 2, a 8, a 16, a 21, a 24 cuio paralelo portugués poremos oportunamente, a 50, a 63, a 112...

I
AMOROSAS

- 1 Dame de beber ribeiro
ribeiro de Ridavia.
Dame de beber ribeiro,
ribeiro da tua labia.
- 2 Donde hai piñeiros hai piñas
donde hai piñas hai piñóns,
donde hai amores hai celos,
donde hai celos hai pasiós.
- 3 Teño de subir, subir,
que do alto vexo ben
pra mirar os meus amores
si me falan con alguén.
- 4 Amores, meus amoríños,
en qué viñestes a dar...
Algún día tanto gusto
agora tanto pesar.
- 5 O petillo que se apaga
non-o volvas a encender;
os amores que deixache
non-os volvas a coller.
- 6 A lúa vai pol-o aire,
o sol pol-a carretera;
meu cariño pol-o teu
sospira na noite enteira.
- 7 A moza que é bunitiña
e non mira pra ningúen,
canto mais baixiño mira
tantos mais amores ten.
- 8 Dentro do meu peito teño
dous muiños a moer,
un moe outro desmoe...
así fai o ben querer.
- 9 As estrelas miudiñas
son as que dan craridá;
anque teñas amor firme
non lle digas a verdá.
- 10 O amor cando pretende
anda con firme cuidado,
despois de facel-a súa
fai o papel de olvidado.
- 11 Eu ben vexo o castiñeiro,
tamén lle vexo as candeas...
Cando te vexo, Rosiña
córreme o sange das veas.
- 12 O meu amor díxome onte
que me había de ver hoxe,
por agora inda non tarda
que ten a pousada lonxe.
- 13 Teño carta no correo
e non sei de quen será.
- Si é de Xosé non-a quero,
si é de Manuel veña xa.
- 14 O meu amor é pequeno (8)
i-eu tamén son rapariga.
namoróume de pequena
non m'a de dar mala vida.
- 15 Fuches o primeiro amor
que me enseñache a querer
non me enséñes a olvidar
que non-o quero aprender. (9)
- 16 O loureiro rais de ouro
bota follíñas de prata...
Coller amores non custa
olvidalos si que mata.
- 17 A rais do toxo verde
é moi mala de arrincar...
Os amoríños primeiros
son moi malos de olvidar.
- 18 Atrévete, queridiño,
atrévete venme a ver.
As cartas son escusadas
para quen non sabe lér.
- 19 Manuel, Manueliño,
Manuel feito de cera;
quen me dera ser o lume
que ó meu Manuel derretera.
- 20 As herbas do campo secan
e volven a ententeecer.
Tamén os amores marchan
pero vólvense a querer.
- 21 Como queres que che quera
nin que che teña afición
si outro paxariño voa
dentro do meu corazón
- 22 Eres alta i-eres baixa,
eres así coma eu quero,
eres a millor laranxa
que ten o meu laranxeiro.
- 23 Teño un caravel na horta
de vintecinco cores,
vintecinco puñaladas
pra lle dar ós meus amores.
- 24 Fuches falar mal de mín
a xunta dos meus amores,
fai de conta que botache
auga por riba de frores. (10)
- 25 Fuches falar mal de mín
a xunto quen me quería
todo canto lle contabas
todo canto me decía.
- 26 Fun ó serán a Leirado,
din volta por Tortoreos,
si non foran os amores
non se daban os paseos. (11)

27 Salgueiro do pé do río
cuberto de frores brancas,
¿como queres que te queira
tendo cortexo de tantas?

28 Amores ó lonxe, ó lonxe
que preto calquera os ten...
Eu tamén os teño lonxe
e correspóndenme ben. (12)

29 Arrabeas pol-a peneira,
arrabeas por peneirar,
arrabeas por ter amores,
arrabeas por te casar.

30 Carmela, Carmela,
que pena me das,
nos campos de Cuba
morreuche o rapás.
Morreu, morreu,
deixalo morrer,
para ti Carmela
rapaz ha de haber. (13)

31 ¡Ai roxiña, roxiña do pelo,
ven conmigo a mallal-o centeo;
o centeo, o centeo, a cebada,
ai roxiña, miña resalada! (14)

II

ANIMAES E PRANTAS

32 De alá da banda do río
ten meu pai un castiñeiro
que dá castañas no Agosto
i-uvras brancas no Xaneiro. (15)

33 O paxaro de María
anda nas miñas cereixas,
come paxariño, come
que ei de ver as que me deixas.

34 O carballo do Galleiro
ten a follá revirada
que lla revirou o vento
unha mañán de xiada. (16)

35 Este é o tempo do tróupele, tróupele.
este é o tempo de troupelear,
este é o tempo de mazal-o liño,
este é o tempo do liño mazar.

III

AUSENZAS

36 As mocíñas de San Xorxe
muito teñen que chorar
porque lle marchan os mozos
pra o servíicio militar. (17)

IV

CANTAR E BEILAR

37 Teño un cento de cantigas

todas n-unha saquetiña
e cando as quero cantar
desátolle a baraciña.

38 Si queres que o carro cante
móllalle o eixo no río,
despois do eixo mollado
canta como un asubío.

39 Si queres oír cantar
vai a casa de quen cria
que queiras ou que non queiras
cantas de noite e de día.

40 Forneliños ten a sona,
Forneliños sona ten,
Forneliños ten a sona
de cantar e beilar ben. (18)

41 Sei cantar e sei beilar,
sei tocal-a pandereta...
o que se case conmigo
leva música completa.

42 —Rosiña, porqué non cantas?
—Porque non teño alegría;
o que se faga de noite
sempre se sabe de día.

43 As rapariguiñas
cando van co gando
espichan a vara
e beilan o tango.
E beilan o tango
e mail-a muiñeira.
As mozas de afóra
non hai quen as queira.

44 Beilache, beilache,
beilache, beilei
na casa do cura
que eu ben te mirei.

V

CASAMENTO

45 San Antonio de Canedo,
casamenteiro das vellas,
porque non casas as novas
que mal che fixeron elas. (19)

46 Moreniña, por morena
téfoche o ollo botado,
has de ser miña muller
ou non hei de ser casado.

47 Dende a miña casa á túa
hai o salto de unha cobra...
Inda lle penso chamar
á tua nai miña sogra.

48 Eu queriame casar,
miña nai non me deixou,
agora vou pra o servíicio,
boa muller me buscou.

- 49 Heime de casar c-un vello
soamente pra rir,
l-eille de poñer a cama
donde non poida subir.
- 50 Casaime, meus pais, casaime.
namentras son rapariga
que o millo sachado tarde
non dá pondón nin espiga.
- 51 Eu caseime no Araño
ca filla do Arañón;
ela bunita non era,
probe si, honrada non.
- 52 Non te cases c-un ferreiro
que é moi malo de lavar;
cásate c-un mariñeiro
que ven lavado do mar.

VI

COALIDADES

- 53 Os ollos brancos son falsos
os negros namoradeiros,
vivan os ollos castaños
por firmes e verdadeiros. (20)
- 54 Os mocifos que hai agora
son moitos e tratan ben;
si estrenan unha chalina
xa non falan con ninguén.

VII

CONSELLOS

- 55 As sete-estrelas van altas
a lúa metida vai.
Vaite deitar, rapariga,
na cama con tua nai.
- 56 Non te fies, rapariga,
no pedreiro que ben canta;
é a farriña da pedra
que se lle pon na garganta.
- 57 Canta, cuco; canta cuco,
na rabiza do arado...
As mulleres entre os homes
hevos gando mal gardado.
- 58 Canta, rula; canta, rula;
canta, rula, n-aquel soto...
Probiño de aquel que espera
pol-o que está nas mans de outro.
- 59 Portadore das rañas,
volta atrás que vas perdido:
esa muller que ahí levas
é casada e ten marido.
- 60 Téñoche un can de palleiro

que de noite anda aseibado.
Ten cuidado, Maruxiña,
Maruxiña, ten cuidado.

VIII

COSTUMES

- 61 Primo, primo, primo, primo,
primo aquí, primo acolá;
taberneira, bote un neto
que o meu primo pagará.
- 62 Rapariguíña do gando,
que herba lle botas ó pelo
—Bótalle unha herba do monte
que lle chaman trementelo.
- 63 C-un anaco de un petillo
e unha copa de augardente
e un abrazo de unha moza
xa marcha un home contente.
- 64 Manoel, Manoeliño,
Manuel, cara de rosa,
lévame o gando a beber
á fonte da Ramallosa.
- 65 Debaixo do lavadouro
donde María lavaba
había unha sementiña
que o seu Manoel apañaba. (21)
- 66 Teño unha mazán na ucha
que ma deu un carpinteiro;
hai un ano que a teño
inda non perdeu o cheiro.
- 67 María lavaba,
Xosé estendia,
o neno choraba,
¡atura María! (22)

IX

DESAFÍO

- 68 Somos os de Areas, somos,
pequeniños como ratos.
O que se meta con nós
leva piñas e sopapos.
- 69 Ofrecécheme unha tunda,
choqueira de Redondela,
ofrecécheme unha tunda...
agora veño por ela!
- 70 Si querel-o desafío
co-a punta da tixeira,
si querel-o desafío
ven acá moza solteira.
- 71 Eu ben vín estar o moucho
enriba de aquel penedo.

Non che teño medo, moucho,
moucho non che teño medo,

- 72 Arriba, pandeiro vello,
abaixo, manta furada,
a onde chegan as mulleres
os homes non valen nada.
- 73 O lameiro heche temido
que ten a folla cadrada.
Quen se tema que se arrede
que eu non me temo de nada.

X

DESCONFIANZA E DÚBIDA

- 74 Que piñeirños mais altos,
que piñas tan amarelas,
As palabriñas dos homes
quen che se fiara de elas.
- 75 Rosa branca que tiveche
para mudar de color.
Ou che é señal de morte;
ou é señal de outro amor.
- 76 O anelo que me deche
foi no día do Señor
Heme grandíño do dedo
e pequeniño en amor.

XI

DESDÉNS E DESPRECIOS

- 77 Non me tires con pedriñas
nin con mazáns retalladas,
eu non nacín para ti
non me sigas as pisadas. (23)
- 78 Xa comín e xa bebin,
xa botei auga no vaso;
xa tomei amores novos
e de ti non fago caso.
- 79 Pensache que porque ría
que xa me tiñas na man;
inda tés que dar mais voltas
que dá o muiño en van.
- 80 Chamácheme trovisquiña,
herba que o gando non come,
vale mais ser trovisquiña
que muller de ruñ home. (24)
- 81 O anelo que me deche
heino de pisar cos pés.
Antes de casar contigo
hei de saber quen ti és.
- 82 O cura chamoume rosa
i-eu tamén lle respondín:
— Señor cura, de estas rosas
non-as hai no seu xardín.

- 83 Cálate, vaite calando,
cara de Sardíña cruda,
que parece o meu porco
cando come a lavadura.
- 84 Olvidácheme, olvideite,
metinche a figa nos ollos,
o día que me olvidache
xa tomei amores novos.
- 85 Cando quixen non quixeches,
ora queres i-eu non quero,
levarás a vida triste
que eu ven alegre cha levo.
- 86 Olvidácheme por probe,
i-eu por rico che deixei;
vale mais probe con hora
que rico de mala ley.
- 87 Cálate, vaite calando,
cara de caracandil,
fociño de porco bravo,
barriga de tamboril.
- 88 Décheme unha pera parda
toda rillada dos ratos;
a quen lle deche os cariños
dalle tamén os abrazos.
- 89 Non fatedes mal dos homes
que tamén lles quero ben:
cortalos e rabandalos
e metelos na sartén.
- 90 Gastas muita fantasia
todá a botas de pranta,
comes o caldo sin unto,
dormes na cama sin manta.
- 91 Gastas media sobre media,
gastas febillá de prata,
gastas muito, vales pouco,
i-eso heche o que che mata.
- 92 Malo raio parta ós homes,
i-ó primeiro sea ó meu:
home que non gana a vida
para que o quero eu.
- 93 Chamácheme pera parda,
pera parda quero ser,
aunque caia de madura
comer non me has de comer.
- 94 De Lisboa me mandache
un pano de seda branca,
mozo bonito e gabacho,
c... na tua planta.
- 95 Asubíame de lonxe
como can que anda perdido;
eu non son muller de caza
que entenda por asobío.
- 96 Salgueiro prende de pola,

- ameneiro de raís;
amores que foches de outros
para min xa non servís.
- 97 Miña sogra quere mal
porque me casei co fillo.
Heille de mandar decir
que o garde no bolsillo.
- 98 Non quero home pequeno,
a miña hame de valer
que me parece na cara
unha escoba de barrer.
- 99 Quen fala de min, quen fala,
quen fala de min quen é.
Será algún zapato vello
que non me serve no pé.
- 100 O cariño que che teño
e mais o que che hei de ter
cave na casca de un ovo
e mais non-a ha de encher.
- 101 Traes a gorra de lado
a uso de pleiteante;
si pensas que eres bõ mozo
outro che pon o pé diante.
- 102 Traes o sombreiro gacho,
tráelo gacho gachón,
traes o sombreiro gacho
como calquer maricón.
- 103 Dixome onte miña sogra
pol-o buraco da porta:
—Métete na tua vida
xa que a miña non che importa.
- 104 Dican que chove, que chove...
non chove que aborrafalla;
as mocíñas que hai agora
todas feden á borralla.
- 105 Gastas muita fantasia
co-a tua gorra de lado;
de piollos unha cunca,
de lendias medio ferrado.
- 106 Nunca fun ó desafío,
nunca fun desafiada,
nunca fun ó desafío
co-a tua cara lavada.
- 107 Maruxiña que dixeches,
Maruxiña que falache,
si non sabes o camiño
volve por onde pasache.
- 108 Chamácheme pouca roupa,
si tes muita é teu proveito;
menos teño que quitar
de noite cando me deito.
- 109 Si me queres de balde
son toda túa

pero pol-o diñeiro
cousa ningunha.

- 110 Vai lavar, porcona,
vaite lavar, vai, vai...
si non che chega o río
vaite lavar ó mar.
- 111 Chamácheme moreniña
blanquiña vaite lavar.
Dices que non teño amores
jinda chos podó emprestar.

XII

DESEOS

- 112 ¡Canta laranxa madura!
¡Canto limón pol-o chan!
¡Canta rapaza bonita,
ningunha na miña man!
- 113 Heicho de mandar decir,
anque sea pol-as nubes,
que me mandes ese anelo
das tres pedriñas azules.
- 114 O día que vin ó mundo
tamén naceu o descanso;
quen me quere non-o quero
e quen quero non-alcanzo.
- 115 Hai que alta vai a Lúa,
mais alto vai o luar,
mais alta vai a fortuna
que Dios ten para me dar.

XIII

GRATITUDE

- 116 De Lisboa me mandaron
tres peras n-un ramalliño
¡quen será esa persona
que me ten tanto cariño!
- 117 Miña nai, miña naiçña,
que boa nai teño eu:
venden o seu coletifo
para me mercar o meu.

XIV

HUMORÍSTICAS

- 118 O corazón de unha pulga
quen o puidera guisar;
daba xantar e merenda
e cena para cenar.
- 119 Arriba coxo que é tarde
busca pousada con día;
os coxos na miña terra
búscana xá ó medio día.

- 120 Eu caseime na montana
con un home pequeniño,
tírelle pol-as orellas
parecía un macaquiño.
- 121 O home para ser home
ha de ter as pernas tortas,
a barriga nas illargas
i-unha xoroba nas costas.
- 122 Manuel fixo unha fonte,
púxolle o bico de prata;
as mozas non van a ela
Manoel todo se mata. (25)
- 123 Así arriba non sei donde
había non sei que santo,
que rezando non sei qué
gañábase non sei canto.
- 124 Hoxe en día fai un ano
que ti me decche un abrazo;
tan apretadiño foi
que inda me doi o cachazo.
- 125 Os homiños que hai agora
son poucos e valen menos,
vai o cento a catro cartos
como os xurelos pequenós.
- 126 Os homiños que hay agora
todos feden ó chamusco;
dúrmén na cama sin manta,
comen o caldo sin unto.
- 127 Miña nai por me casar
prometeume unha galiña,
e despois de me casar
dixome que non-a tiña.
- 128 A tua nai xa llo dixeran,
a teu pai téñolle medo,
a tua nai xa llo dixeran
miña roxiña do pelo.
- 129 Sempre m-andas preguntando
de que romería veño;
veño de Santa Lilaina,
de Santa Lilaina veño.
- 130 O cura vendeu, vendeu,
non tiña máis que vender:
vendeu o libro da misa
borracho para beber.
- 131 Miña nai por me casar,
meu pai por me dar o dote
saltaron a pelexar
rompéronlle os pés ó pote.
- 132 —Eu queríame casar,
miña nai, non teño roupa.
—Cala, miña filla, cala
que unha perna tece á outra.
- 133 As señoritas do pueblo
todas moi bonitas son
quen m-as dera ver no campo
a tirar pol-o legón.
- 134 Miña nai deume unha tunda
co aro de unha peneira:
Miña nai teña vergonza
que ven a xente da feira.
- 135 Maruxiña chora, chora,
Manoel, que lle fixeche.
—Tírelle dende a ventana
cunha manzán de alcipreste.
- 136 Os solteiros valen ouro,
os casados valen prata,
os viudos calderilla
i-os vellos folla-de-lata.
- 137 Meu amor é tartamudo
i-ó falar tartamudea
e pra decir, que me quer
tarda tres horas e media.
- 138 Eu pasei pol-a tua porta
era no mes de Xaneiro,
as espigas do canastro
eran rachóns de piñeiro.
- 139 Mozas do corazón santo
acudirille ó voso cura
que caíu do campanario
antre as follas da verdura.
- 140 A miña muller é vella
de vella non pode andar,
heina de levar ó monte
i-heina de deixar quedar.
- 141 Si tí viras o que eu vío
nunha pola de un vimieiro:
unha pulga a bater sola
nas costas de un zapateiro.
- 142 Fuches tú, fuches tú, fuches tú,
fuches tú a brincar ó palleiro,
fuches tú, fuches tú, fuches tú,
que inda traes as pallas no cú.
- 143 Señora María, Señora María,
o seu galo canta i-o meu asubía. (26)
- 144 José vai lavar a perna,
José vai lavar o pé,
José era pequeniño,
José pequeniño é.
- 145 Como sei que che gusta
o arrós con leite,
como sei que che gusta
convidareite.

XV

MORMURAZÓN

- 146 Meu coletiño de tela

hoxe por gala salfu,
a xentiña fala, fala
i-a miña butsa o sentiu.

- 147 Teño unha silva na porta
que me pica que me prende;
teño unha mala veciña
que por diñeiro me vende.
- 148 Chamácheme moreniña,
blanquiña vaite lavar;
dices que non teño amores
inda chos podó emprestar.

XVI

MORTE

- 149 Eu ben vin estar o moucho
entriba de un cacho de uvas;
vaite de ahí morte negra
desamparo das viudas.
- 150 A subir ó alcipreste
cheguei ó medio e caín,
o alcipreste é a morte
i eu para morrer nacín.

XVII

PÉRDIDAS

- 151 A subila e a baixala
a costiña de Canedo,
a subila e a baixala
perdín a cinta do pelo. (27)
- 152 Carballeira de San Xusto,
carballeira derramada,
naquela carballeiriña
perdín a miña navalla.

XVIII

PICARESCAS E SATÍRICAS

- 153 O cura e mais a criada
ordenaron de cocer,
tiñan a leña no monte
e a fariña por moer.
- 154 No convento de Canedo
hai un frade galifeiro,
á medida do sol
—janda Rosa pra o poleiro!
- 155 No convento de Canedo
hai vintacínco escaleiras,
por unha van as casadas
por outra van as solteiras.
- 156 Esta noite e mais a outra
e mais a outra pasada
abalei unha pereira
que nunca fora abalada.

157 Dixolle o crego á criada:
—Non precisas confesor
que xa te confesarei
embaixo do corbentor.

158 O paxaro cando chove
mete o rabo na silveira;
así fan as boas mozas
cando non hai quen-as queira.

159 Como te pille no prado
como te pillei mais veces
heiche de meter no corpo
herba para nove meses.

160 Si foras a Portugal
non fales con portugueses
que eles prometen e dan
semente de nove meses.

161 O cura cando vai fora
déixalle dito á criada:
—Veña tarde, veña cedo,
détate na miña cama.

162 Para cuñas pau de toxo,
para fungueiros carballo,
para contentar ás mozas
a cabezalla do carro.

163 O cura vendeu a burra
por non lle dar a cebada,
agora vai ós enterros
a cabalo da criada.

164 Muito miras para min,
muito me chiscas o ollo,
son criada de servir
non fago caso de todo.

165 Si queres aquí, aquí,
si queres alá, alá,
si queres na carballeira
na carballeira será.

166 O crego e mais a criada
foron xuntos ós feixóns;
A criada cáenlle as saias,
ó crego cáenlle os calzóns.

167 Pica, canteiriño, pica,
pica na pedra miuda,
pica na muller allea,
que outro picará na túa.

168 O señor cura de Xínzo (28)
ten de pulgas un ferrado,
outras tantas deulle a moza
por facerlle un anicaco.

169 Dulce nombre de Jesús
que barbas ten aquel home.
—Está calada, miña filla,
que a morriña todo come.

170 O señor cura de Arnoso (29)

é un señor moi honrado
que manda chamar ás mozas
a media noite no adro.

- 171 Miña prima ten un galo
canta como unha galiña,
dama, miña prima, dama
dama, miña queridíña.
- 172 Ó caravel cando nace
chámalle caraveliño
tamén os fillos dos cregos
chámalle ó pai señor tío.
- 173 Tua nai, tua nai ten a fama
de levar ós amigos pra a cama,
E teu pai e teu pai tamén ten
de levar ás amigas tamén.
- 174 E tí telo, telo
non-o queres dar
e despois de vella
halo de salar.
- 175 Que queiras, que queiras,
que queiras que non,
ou pol-a ventana
ou pol-o balcón.
- 176 Teu pai non-o ten
tua nai non cho dá,
de donde che sale
do trai-la-la-lá.
- 177 O abade de Pesqueiras
ten de fillos un ferrado
cando teña unha maquiá
xa merece un obispado.

XIX

QUEIXAS

- 178 A vida que leva o probe
é como a vida do grilo:
pol o día muita fame,
pol-a noite muito frío.
- 179 Quedache de vir ás nove
viñeches ás nove e media,
tí non sabes que é pecado
enganar a unha morena.
- 180 Separaino, separaino
o viño tinto do branco,

a mín xa me separaron
de quen eu quería tanto.

XX

REFLEISIVO

- 181 Silva verde, non me prendas
mira que non me aseguras,
mira que xa levo rotas
outras cadeas máis duras.

XXI

RONDADORES

- 182 A carretera de Vigo
quen a ha de pasear
os carrexóns da sardiña
de noite pol-o luar. (30)
- 183 Esta noite hei de ir alá,
rapariga, ten-o certo,
o pestillo do portal
déixamo quedar aberto.
- 184 Somos os de Areas, somos,
non-o podemos negar,
somos os de Areas, somos
do partido liberal. (31)

XXX

XEOGRÁFICAS

- 185 Dulce nombre de Jesús,
tan altiño se foi pór,
dalle o aire, dalle o vento,
dánlle os raiños do sol. (32)
- 186 Fuches a Vilagarcía,
fuches e non viches nada,
non viches beilar o Sol
no medio da mar salada. (33)
- 187 Pontevedra é boa vila
dá de beber a quen pasa,
a fonte da Ferrería
San Bartolomé na praza.

FERMÍN BOUZA BREY E

LUIS BREY BOUZA.

—1928—

NOTAS

(1) Cfr. por Jaime Cortesão en Cancioneiro popular. Antologia precedida dum estudo crítico, Porto, 1913, pág. 11.

(2) Cancioneiro popular gallego y en particular de la provincia de La Coruña. Prólogo de Th. Braga e concordanzas de A. Machaño. Tomos I, II e III, Madrid 1896.

(3) «Boletín de la Comisión Prov. de Mon. de Orense» Tomo IV, números 10 e seguintes.

(4) Historia de Galicia. Tomo I, pág. 358, da 1.ª edición.

(5) De mi tierra. Madrid, 1888, pág. 131.

(6) Ensaio de un programa pra o estudo de literatura

popular galega. Lida no Seminario de Estudos Galegos, NÓS, número 56.

(7) No país irmán e veciño existe, que eu coñeza, ademais da antoloxía de Cortesáu arriba cit. a do Dr. Claudio Busta publicada na rev. «Lusa» e máis tarde en separata.

(8) Temos como variante:

O meu amor é rapaz

.....

hame de dar boa vida.

(9) Igual a outra castelán da que parez tradución.

(10) En Portugal:

*Foste dizer mal de min
ao meu amor por despreso,
desteste avelte no lume
toda ficou máis acesa*

Cortesáu, ob. cit. núm. 264.

(11) Leirado e Tortoreos son pobos de esta bisbarra dos concellos de Salvaterra e de As Neves.

(12) Parez resposta a outro coñecido:

*Non quero zapato baixo
que se me enterra na areia,
non quero amores de longe
que os leito na miña aldea.*

(13) Variantes da derradeira estrofa:

.....
*mocillo ha de haber,
caños ha de haber,
amor ha de haber.*

(14) Variante final:

.....
ai rosón, miña namorada!

(15) Semellante a aquel de Padrón que recolle Mergata en «Galicia».

*Nosa Señora de Adina
ten un peiteiro no otero,
hota prias en Outubro
cerceiras no mes de Maio.*

(16) Isto tamén é dos que se adaptan á diversas localidades. Coñecemos o que empezar:

O carballo da Portela etc.

.....

O Galleiro é un monte preto de Mondariz.

(17) Refíre a S. Xurxo de Ribadema, freguesía do Concello de Pontareas.

(18) Fornelidos é un lugar de Fornelos da Ribeira, Concello de Salvaterra de Miño. A cántiga é semellante á que trae Ballesteros no Tomo II, núm. 61, op. cit. das Xeográficas.

(19) Candeo é un convento de frades franciscanos no monte da Picraña, en Pontareas. As variantes adaptadas de esta cántiga que coñecemos refírense a San Antonio de Amarante e a S. Andrés de Teixido.

(20) Cancións análogas hainas en Portugal e foron anotadas por Leite de Vasconcellos en Nótulas etnográficas XXI. Cór dos cihos na rev. «Lusa», Ano III, núm. 52, 1919.

(21) Parez resto de unha poesía longa.

(22) Tamén parez anaco de outra.

(23) En Verín recollímos a Variante:

.....
*ata con oiras recordadas,
non te quero e non te quero etc.*

(24) Variante:

chamácheme chovésqueira etc.

(25) En Vilagarcía temos recollido:

*O Manoel por ver ás mozas
fixo unha fonte de prata,
as mozas non van a ela
O Manoel todo se mata.*

que resulta exactamente igual ó recollido en Beira, en Portugal por Pedro Fernandes Thomas en *Canções populares da Beira*, páx. 148, Coimbra, 1923, en cuja introdución pon Leite de Vasconcellos como «muito vulgar» outra cásque igual, 40 que sustitúndo o Manoel por San João, páx. XXV.

(26) Témois ouvido tamén como dito, sin música algunha.

(27) É cántiga adaptada a moitos puntos. Vide Ballesteros que trae varias semellantes.

(28) Xineu, freguesía na estrada de Porriño a Pontareas.

(29) Arnoso, freguesía na estrada de Porriño a Pontareas.

(30) En Ballesteros (Tomo II núm. 30 da Xeográfica) aparece adaptado a Sargadelos.

(31) Santa Maria de Arcaas, freguesía inmediata a Pontareas.

(32) Dulce nombre de Jesus, refírese a unha capela de esta advocación no castro de Troña, en Plas, Mondariz.

Curiosos paralelos de esta cántiga temos recollido con referencia ás seguintes santarías:

*Nosa Virxe da Lavanda
que alida se foi pór
dalle o aire, dalle o vento
dalle o mar pol-o arredor.*

(Lavanda, Nonlla, Ria de Arcaas).

Saco e Arce trae os seguintes:

*Minha Virxe de Xurés
que tan alta se foi pór,
entre lúxos e varqueças
e carballos arredor.*

(Xurés, na raia portuguesa).

*Nosa Señora do Faro
tan altísima se foi pór
dalle o aire, dalle o vento
dalle o sol todo en redor.*

(Faro, unha légoa de Chantada).

*Minha Virxe da Penada
que tan alta se foi pór
entre colas e penedos,
cuchallidos arredor.*

(Na raia portuguesa, a duas légoas de Entrimo).

*Santa Maria de Entrimo
tan altísima se foi pór
para tocar as campanas
o domingo do Señor.*

En todas elas pode ollarse a tutresante adaptación que fixo o pobo á peisaxe, dende a das terras da veiramar hasta as montañosas.

(33) Variantes en Vilagarcía:

.....
a unha mazda colorada

.....

.....
*Non viches beitar a Rai
na illa de Cortegada*

adaptación moderna esta derradeira.

(34) Mellor:

.....
San Bartolomé e a Prasa

como trae Ballesteros no tomo I, núm. 32 das xeográficas. Miñá e Fiorinats recolleuna como nós no número 14 do seu *De la poesía popular gallega*, «Romania», tomo VI, 1877, e *Obras Completas*, tomo V, 1888.

Xa apareceu **A Lagarada** por R. Otero Pedrayo

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

O TRASNO

Unha vegada fan dúas mozas de noite para o muiño e alcontraron un nenho pequerrechinho que choraba co frío. Colleron o neno, envolveron ben levárono consigo para o muiño, e despois de quentárense ó lume, deitáronse e meteron o meniño no meio.

Pol-a mañán, cando espertaron, buscaron o neno por todol-os currunchos mais no atoparon. Somentes dend'a cima do tellado, ouviron:

—Tucurugú, cucurugú

as nenas do muiño quentáronme o cú

Aquél neno era o trasno que lles quixo meter medo. (1)

CONTO

Eran unha vegada dous que viñan vendendo nabíña de nabos pol-as aldeias de porta en porta e ó chegaren á soma d'uns carballos, pousaron os sacos e sentáronse a descansar.

Ó pouco rato un d'eles foi en busca d'auga pra beber pois estaba que estigaba co-a sede, e díxolle ó outro que tuvese conta dos sacos namentras voltaba.

Tan pronto como marchou, foi o seu compañeiro e rouboulle catro cuartillo de nabíña. Chegou o outro e díxolle ó que quedara:

—Agora podes ir tí, que eu che terei conta mentras.

E aproveitando tamén a súa marcha, rouboulle o que quedara tres cuartillos de nabíña do outro saco.

(1) Este caso refírese con diversas variantes n-Asturias. Aurelio del Llano, *Del Folk-love asturiano*, Madrid, 1921; páxinas 62-64, tral tres. Istos casos apóñenos alá ó *Díada bovina*, que semella un personaxe diferente do trasno. Ó menos, así o di o Sr. del Llano. E aquí non atopamos grande diferenza. Del Llano idéntica, coma nós ó trasno co Kobold xermánico, citando ó Dr. Eugen Mogt, *Germanische Religionsgeschichte und Mythologie*, Berlin und Leipzig, 1921.

Un home que viu agachado os dous roubos foi hastra él e preguntoulle:

—Ay homiño, d'onde sodes?

—E nós somos de Allares—contestoulle o que ficara ó pé do carballo.

Destoncias o home reprecoulle:

—Nas condicións ben vos semellades.

Sácalle outro cuartillo, e quedades iguales. (1)

Recollidos en Oroso (Cruña)
por R. M. L.

OUTRO CONTO

Unha vez era un rapaz pouco intelixente, e mandárono ó muiño con tres tegas de centeo e díxéronlle:

—Fixate ben: das tres tegas ten que che cobrar tres maquias, que non che vaia cobrar de mais.

Entón o rapaz pra non esquecer o aviso, foi dicindo pol-o camiño:

—Tres tegas, tres maquias; tres tegas, tres maquias...

Chegou ond'estaba un home sementando grau, o cal home ao ouvi-lo dixo: «Este lapón vai dicindo que ogallá recolla soio tres maquias de cada tres tegas de semente», «vou-no mallar». E pegoulle uns paus, e díxolle dispois.

Deixá diante vas ir dicindo: «que salla todo».

Así o fixo o neno, e mais adiante atopou c'un arrieiro que estaba tapando un pelexo que lle deitaba o viño, o cal arrieiro ao ouvirlle dicir, «que salla todo», cheo de coraxe deulle unha gran malla, e dispois díxolle:

—Deixá diante, has dicir: «que non salla ningún».

(1) N-isto conto hai que considerar o que ten d'invectiva contr'os naturais ou habitantes d'un lugar. Temos xa unha colección considerábele de folk-love d'esta clase, que temos ir dando pouco e pouco.

Volveu o neno a collei-o camiño depilindo: «que non salla ningún, que non salla ningún», e deu c'un pastor que andaba por voltar con cinco cabalos que s'entullaron n'unha lagorza e que non podían saír. Tras moito traballo saltou un fora precisamente cando chegaba o neno co-a letanía. O pastor ao sentilo, emprendeu a paus no neno hasta quentalo e por último díxolle:

—Agora vas dicir: «donde saltou un, que salte outro, donde saltou un que salte outro».

Iba o neno co-a nova letanía, hasta que tropeizou c'un que tiña un ollo valeiro. O torto tomou o dito do neno pra si e cego de coraxe mallou n-el hastra deixalo eivado no camiño.

Cando pudo dar pra casa—que ao miúdo non pudo chegar—meteuse no leito, pois non se tiña de doores, e fixo propósito de non ir repetindo outra vez os encárragos. (1)

(Recollido en Valdeorras, por Manuel Folla, alumno do Maxisterio)

CONTOS DE BARROSOS (2)

Unha vez iba un barroso pasando por unha

(1) Conhecemos unha variante d'iste conto, orixinal no Castro de Caldeas. Iste era un que preguntou na feira por un home que levaba tal vestido e respondéronlle: «Buscarás e n'acharás». E el foi pol-o camiño chamando: «Buscarás e n'acharás», e atopou un que pedera a bolsa dos cartos, e iste mallouno e o mallado díxolle: «El logo como hai dicir?» Respondeu o da bolsa: «Cada día sete». O parvo foi repetindo «Cada día sete», e atopou un que estaba con noiva, e pensou que lle dera que cada día sete noivas e facéulle tamén, mandándolle despois dicir: «Que á noite durma co-ela». Siguen repetindo a nova frase, e atopou un que levaba unha porca, e levou outra paderma, e recibiu a orde de dicir «Que a bocados la coma». Obedeceu, mais chegou onde un que estaba tras d'un valado fagendado unha necesida, e que cando ouvir que a bocados la coma, mallou n-el canto quixo, e despois ordesulle que dicese: «Que creta e que reverdeza», e folno dicindo sin que deu c'un que tiña a sarna, e estabábase rañando cos unhas, e apañou outra mau de paus, ata que cansou e fose pr'a casa.

Unha anécdota do mesmo asunto, n'ouvímola referir coma caso histórico. Era unha criada a quen mandaron ir a unha pousada preguntar por un maragoto que se chamaba Bonifacio. Ela pra non esquecer o nome, foi pol-o camiño dicindo: «Bonifacio, Bonifacio, Bonifacio...» Cando iba no meio do camiño, xa se trabucara, e iba dicindo: «Monifate, Monifate, Monifate...» E o chegar á pousada, sólo soupo dicir: «El vive aquí íse... Maragoto músico».

(2) Barrosos chaman os cantefros, principalmente os de Pontevedra e Coiovalde, os queles pasan por burros e titorantes. Nos contos imitan a súa pronunciación con goasas e c silbante. Son mestizaxes os contos que se contan d'elles.

ponté que estaba caíndo, levaba medo, e dixo ao pasar:

—Dios é bon e o demo non é malo! Dios é bon e o demo non é malo!

Pra que Deus o protexese e o demo nono tentase. Pero así que terminou de pasalo, dixo:

—C... me nentrambos. (1)

Outra vez estaba outro barroso comendo unha cebola e unha codela de centeo e díxolle outro:

—Ei hom, como te coidas!

E contestoulle o da cebola:

—Eu coidar, coido coido, pero os cartos vanse que é un justo. Inda non fai sete días que cambiei un peso e agora xa teño soilo catro pesetas, dous en realíños e outros poucos cartos mais.

Outra vez eran cinco barrosos que iban xantar e querían gastar pouco, agás un que era mais espréndido, pero non prevaleceu a súa opinión e pidiron catro sardiñas pr'os cinco. Entón o espréndido, que era o mais listo, ao repartilas, dixo:

—Cinco barrosos, catro sardiñas, tocamos a duas, e eu vou co-as miñas.

E colleu as duas millores, deixándolle aos outros catro duas sementes.

Outro barroso quixolle escribir á muller, e como non sabía, foise ond'o seu amo e ditoulle a carta, indicándolle cando iba poñer puntos e comas. O amo por rirse d'él, onde lle mandou poñer punto, coma, páxoos con todas as letras.

Contestáronlle da casa indicándolle que tivese coidado co-a persoa que lle escribía as cartas, pois rianse d'él, e entón, el pra se vengar, volveu ond'o amo e díxolle:

—Señor amo, a miña muller sempre me

(1) Variante que temos ocorrido hai tempo:

—Bó, tan bó e un como o outro!

anda amocando con peticións de diñeiro yeu xa estou farto de lle mandar; poñalle esta cartiña:

«Querida muller, como iba escribindo, estou farto de tí, m... m... diña, m... m... diña, m...» Agora, coma, Señor, coma...

(Recollidos en Valdeorras,
por M. Folla).

A PANTASMA CASTIGADA

Cóntano, e como o contan así o digo.

Era d'unha vez no lugar de Pareda e había un mozo que se tiña por valente e de non ter medo a nada. Isto puña de malas pulgas ós mozos do lugar que se sentían pequenos ó lado d'aquel matón, e pol-o tanto pensaron xogarlle unha mala pasada.

Tiña este mozo, que lle chamaban Odilo, unha moza n-un lugar de fora, e con ela iba parrafear todos os días de descanso alá pol-a caída da tarde, e non volvía hastra moi entrada a noite. De esta ocasión valéronse os mozos do lugar pra xogarlla, o cual fixeron da forma seguinte:

Colleron unha sábana, puxéronlle tres paus pol-a parte d'arriba, meteuse un dentro e con tres faroles e duas linternas que tamén meteron, parecía mesmamente cando estaban acexas que ardía todo aquilo como un fachuco. Os outros tres mozos, pois os da broma eran catro, quedaron con fachos de palla en disposición de encendelos tan pronto como o que faguía de pantasma asubíase.

O camiño que tiña que andar o mozo que entendía por Odilo, era camiño real e cuasi na metade tiña un cruceiro que era o sitio onde se colocaron con todo o preciso pra lle meter medo.

Pouco tiveron que esperar, pois d'alí ón nadaíña ouviron carraspear e o ruído d'unhas botas que aínda ó lexos decían que o dono pisaba recio. Tan pronto chegou ó cruceiro por pouco non se quedou seco ó ver unha pantasma que botaba lume pol-os ollos e en moi pouco estivo o que non collese unha carreirala non parase en deica á casa; pero pensouno millor, aínda qu'o tempo e o caso non eran dos pintados, e púxose a faguer

a señal da cruz primeiro, arrenegar ó demo despois e terminar logo por se achegar pra lle preguntar o que se lle ofrecía. Nunca tal cousa se lle ocorrira. A pantasma que pra nada contara con semellante estrevemento, pegou a fuxir como on condenado, e moi pouquiño tempo lle levaría chegar á casa, si non houbera quen llo impedise, y ese alguén non foran as bruxas.

Todo o mundo sabe, e si non-o sabe eiquí estou pra llo decir, que cando é de noite ó escampado, non se pode asubiar, pois d'esa forma chámanse as bruxas, que c'un pente de asedar o liño, tratan de llo cravar na pel; e tense dado casos de xente que está na sua casa e ver unha luz no monte e asubiar ó punto que pechaba a ventana, e tan pronto como o fixo, quedar o pente cravado, de tal xeito que se precisaron en mais de unha ocasión tres e catro homes pra arrincalo. Boeno, pois volvendo ó conto d'enantes, tan pronto chegou ó cruceiro o mozo a quen esperaban, asubiu, según quedaran entr'eles, e pra que che quero, miña nai, moito millor fora que calara; pegaron as bruxas co-il entr'elas algunhas do lugar, e moi mal lle fora si a Providencia, que sempre vela por nós, non-o salvara. Catu e levantouse non sei as veces; engarroulle a sábana n-unha silva, que se lle quedou c'un anaco, e por fin despois de moito correr e berrar deu co seu corpo no chau, sin forzas pra seguir; encomendou a sua alma a Dios e deixouse que lle arreasen todo o que quixesen. Nin-que decir ten, por que estas bruxas non perdoan, que lle encheron o cú de couces, e non deixaron óso no corpo nin sitio na cabeza sin llo magoar a paus; estordáronlle un brazo, enchéronlle a boca de terra, e si non-o mataron que llo agradeza á Providencia que como xa dixeran non abandoa ós seus fillos en trances apurados.

Vós creeredes que xa acabou o conto, pois equivocásteivos, aínda trouxo o seu rabo. Esteñada a Xusticia dos malos tratos que lle deran ó Xosé, o da sábana, comenzo a indagar e preguntar quen fora e quen non fora os que tal barbaridá cometeran, prenderon ó Odilo, ós tres compañeiros do Xosé, a catro mulleres, que se decía eran bruxas, pra saber, e non souperon sinon

que aquil día andiveran por todo o monte moitas luces, apagándose e encendéndose, preto do Xosé, pero que nada sabían e que pra nada se meteran no asunto.

Dende entón n-aquilo pobo todo o mundo se mete na camiña dende as dez da noite—pol-a nova—no vrau e ás oito no inverno, e si algunha vez se xuntan os mozos do conto, non fan sinon pensar no que lles pudo haber pasado aquel día e gracias ás gracias, todo quedou a ben.

(Recollido por Amadeo
López Bello.)

SUCEDIDO DE LOBOS

Eu creio, Señor, que iste conto xa lle non merez a pena contalo, pero xa que vostede s'empeña, voulle cumprir o gusto.

Non sei si vostede saberá que polo tempo do inverno hai o costume de xuntárense n-unha casa calquera do lugar e alí fiase e tamén se mermura, e os domingos os mozos van a outro lugar pra falar cas mozas. Pero vou contarlle o meu conto.

Eran dous mozos que non despreciando, pasaban polos mais ben prantados do pobo de Nucedo e iban cortexar a dúas mozas a Fiestras; así que os domingos nunca viñan hastra ben entrada a noite. Aquil día mais que ningún os tales mozos beberan e polo tanto saíron mais contentos que unhas castañolas.

Levaban andado mais de media legua, cando un d'iles que lle chamaban Gerardo díxolle ó outro: «Ti ouviches, Manuel?»—«Que habia ouvir, ho!»—«Pero ti non sintiches tocar o lobo as castañetas?»—«Mira, eu si queres que che conte a verdade, pareceume que ti tiráchelle un pouco por as orellas á bota e agora en calquera sitio sintes oubeir os lobos...»—«Escoítas?»—«Mal rayo!»—«Son iles! Fuxamos, Manuel, antes que se procaten de que estamos eiqui»—«Escoita Gerardo, ti tés un mixto?»—«Eu teño, e logo?»—«Pra que o queres?»—«Mira e non seas burrán; ti non sabes que os lobos téñenlle medo ó lume?»—«É mais tés razón, non

me daba de conta, agarda unha miguiña que vou alcender un pra ver si se van».

Según contan, tales mozos acabano todos os mixtos e non tendo que faguer, fuxiron á carreira, pois xa estaban preto do lugar.—«Que faguemos agora, Manuel?»—«Eu que sei, Gerardo! deixar que nos aboquen e encomendarvos a S. Antonio que che é moi abogoso»—«Ay, miña nai, que me comen! Ay, Manuel sálvame que me esgazan!... E si non, non veñas, pois igual te comen... Fuxe cara a casa e dalle un abrazo á miña nai!... Ay! á miña nai dílle que ó seu fillo comérono os lobos, fuxe, Manuel, fuxe, e dílle á miña nai...!»

Chegado que foi Manuel ó lugar, pegou a dar berros por todas as e en pouco tempo todos tiñan un fachuco na man e unha escopeta e guiados polo mozo foron coller os pedazos do coitado Gerardo. Moito rebuscaron por todos os lados pero nada collera d'il nin un mal anaco das calzas, nin que o tragara a terra. Xa trataban de coller o camiño do lugar entr'os berros das mulleres e os xuramentos dos homes, cando sintiron unhos queixidos como si estiveran morrendo.

Naide se estrevía pra chegar ó cadabullo onde tanto xemian. Por fin un dos mais valentes c'un sacho de cristás foi estaragullando os toxos que tiña o cadabullo pra ver.

Non quero decirlle o que vin: estaba o coitado do mozo completamente desangrado e ó seu lado tiña un lobo moi apretado, que non refolegaba o condenado. Morrera, pero levaba compañía, pois antes de chegar ó lugar, o Gerardo morrera tamén.

Din agora que no penedo pequeno, cando vai morrer algún do lugar, anda alí un lobo branco que oubea mais qu'os outros.

Recollido por Amadeo
López Bello

NOTA.—Istes contos que o recetador nos deu sen indicación de procedencia, deben ser os dous da Limia, pois no segundo faise mención precisa de Nucedo e Fiestras, do antigo concello de Morrazas, boxe do de Xitón.

XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX
Conto de Guerra
 Arte e literatura, por Camilo Díaz.
 XXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXXX

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

A RECEPCIÓN DE VICENTE RISCO NA ACADEMIA GALEGA

O día 23 de Febreiro tivo lugar na Cruña a recepción do noso Director na Real Academia Galega.

O acto, que revisteu moita solemnidade, celebrouse no gran salón do Circo d'Artesáns, onde xa o novo Académico ten falado algunhas veces ó público cruñés, e pra asistir a el viñeron d'afora varios membros de aquela Corporación, e outras persoalidades, antre as que lembramos a D. Federico Maciñeira, D. Enrique Peinador, D. Ramón Cabanillas, encargado de responder ao discurso do Sr. Risco, D. Vicente Riestra, don Gonzalo López Abente, e outros. No salón que enchía un numeroso e escolleito público, destacábanse moitas donas e señoritas e faguiáse presente toda a intelectualidade cruñesa e outras distintas persoalidades.

Achábanse no estrado, co Presidente don Eladio Rodríguez González, os Académicos Sres. Carré Aldao, Martínez Morás, Lugris Freire, Cabanillas, del Castillo e Maciñeira. Acompañaron ao Sr. Risco pra darlle entrada os Sres. Lugris e Castillo.

O Sr. Risco leu logo o seu discurso en eol do tema *Un caso de licantropía*, no que tomando coma base a soada causa do home lobo d'Allariz, fai un documentado estudo do mito popular do lobishome e dos casos de delirio lycantrópico, deud'os puntos de vista folklórico, psiquiátrico e metapsíquico, adicando primeiro unha sentida lembranza ao inesquecente escritor e investigador don Francisco Tettamancy, cuyo posto ven ocupar na Academia. O esencial do discurso do noso Director, espallado en longas informacións por toda a prensa de Galiza, é xa hoxe ben coñecido do público da nosa Terra, e ademais, base publicar integramente moi logo.

Respondéulle o gran poeta Ramón Cabanillas, quen en fermosos párrafos, fixo un cumprido estudo da personalidade literaria e científica do novo académico, de xeito maxistral. Tanto Cabanillas como Risco recibiron ao emprincipiar e ao rematar moitos aplausos e parabéns.

Despois, o Sr. Rodríguez González impuxo a medalla ao novo Académico.

Rematado o brillante acto, foron xantar os

membros da douta Corporación e algúns amigos no Restaurant Alfonso, como ousequio aos Académicos forasteiros.

Pr'o outro día foron tamén agasallados Risco e Cabanillas c'un almuerzo pol-os seus amigos da Irmandade da Fala, de *A Nosa Terra* e da Editorial NÓS.

OUTRAS NOTAS DE GALIZA

No número derradeiro demos noticia da Semán Galega que preparan pra celebrar no Porto na próxima primavera valiosos elementos d'aquela Universidade e mais o Seminario d'Estudos Galegos.

Tamén se prepara unha Semán Portuguesa en Galiza, en cuja organización intréanse moitos ben coñecidos intelectuais lisboetas, como Antonio Ferro, Alfredo Pedro Guisado, João Antunes, e outros, e a prol da que pon todo o seu valimento o *Diario de Notícias* de Lisboa. Un pasño mais d'achegamento fraternal, que NÓS acolle con fonda ledicia.

Temos que salientar a actividade da sociedade compostelán *Amigos del Arte* qu'agora trata d'organizar en Sant-Iago unha exposición permanente. A cultura non sómentes se afianza mais cada día, senón que vai saíndo cada día mais da fase *esfarelada* d'isolados esforzos individuais, e collendo organización, coherenza, estrutura, que tanta falla lle facía. Mais aínda fica camiño por andar.

REVISTAS

TAULA, Valencia.

SUMARIO: *La Cátedra de Lluís Vives*.—*Incorporació i expansió*, A. Peruchó.—*Col·lecció «L'Estel»*, «Blasco Ibañez i Valencia», «L'espill a trossos».—*Del valencià*, «L'endecasílabo», Josep M.^a Bayani.—*A Valencia en festa*, Joan Maragall.—*La novia*, Abulha San Ali B. Saad El Jair.—*Notes*.—*Bibliografía*.

Imprenta NÓS, Real 36-1.º, A CRUÑA

Use o novo cristal PUNTAL, fabricación de Zeis,
e escrusiva da

CASA DE LOS LENTES

Plaza Mayor, 18.

OURENSE.

Drogueria e Farmacia

LUIS FÁBREGA

Progreso, esquina a Luís Espada

OURENSE

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

De mais dura qu'os de pruma e limpan
millor. Véndese en todoi-os estabreci-
mentos do ramo

Andrés Perille - OURENSE

Lea vostede

Os Camiños da Vida

por **R. Otero Pedrayo.**

BODEGAS GALLEGAS, PEARES E OURENSE

Viños finos de mesa: Tinto TRES RIOS. Blanco BRILLANTE
LOS GALLEGOS blanco e tinto

Macía e Valeiras, Apartado 18 - Ourense

SANATORIO QUIRURGICO DE SAN LORENZO

SANTIAGO DE GALICIA
DE LOS PROFESORES

D. Fernando Alsina y **D. Antonio M. de la Riva**
CIRUJANO GINECÓLOGO

Establecemento dotado de todoi-os elementos que exixen
a terapéutica e a hixiene modernas, situado nas aforas
da poboazón, moi cerca do paseo da Ferradura

Teléfono número 195

Pra detalles, calquera dos Directores ou o Médico interno

NÓS, Publicacións Galegas e Imprenta Real 36-1.º A Cruña.

Si ainda non ten as nosas produccions pdaas axiña
e contribuirá ó rexurdir cultural de Galicia.

ESTEBO, por Xosé Leste Meis.	3'50 pesetas.
HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA, por Ramón Villar Ponte.	5'00 "
GRABADOS EN LINOLEUM, por Xaime Prada.	2'50 "
A TOLA DE SOBRÁN, por Fartuco Porto Rey.	0'80 "
TRÍPTICO TEATRAL, por Antón Villar Ponte.	3'00 "
A FINESTRA VALDEIRA, por Rafael Dieste.	2'50 "
DOCTRINA NAZONALISTA, por Ramón Villar Ponte.	2'50 "
OS CAMIÑOS DA VIDA (novela en tres partes), por Ramón Otero Pedrayo.	
OS SEÑORES DA TERRA (1.ª parte).	2'50 "
A MADRAZGA (2.ª parte).	2'00 "
O ESTUDANTE (3.ª parte).	2'50 "
DE CATRO A CATRO, poemas por Manuel Antonio.	1'50 "
O PORCO DE PÉ, novela por Vicente Risco.	3'00 "
MARIA ROSA, comedia por Gonzalo López Abente.	1'20 "
CANTIGAS E VERBAS AO AR, poesias de Sigüenza.	2'00 "
DE MIN PRA VÓS, contos populares por Ricardo Carballal.	1'00 "
O BUFÓN D'EL REI, drama por Vicente Risco.	0'80 "
O GALO, poesias de Amado Carballo.	3'00 "
SEGUNDO LIBRO DE COUSAS, por Castelao.	3'00 "
A VOLTA DO BERGANTIÑAN, por Xesús San Luis Romero.	0'50 "
ROMANCES GALEGOS, por E. Blanco Amor.	4'00 "
A LAGARADA, por Ramón Otero Pedrayo.	0'80 "

PORTUCALE

REVISTA ILUSTRADA BIMESTRAL
DE CULTURA LITERÁRIA, SCIEN-
TÍFICA E ARTÍSTICA

Estuda a Terra, o Povo, e a Língua de
Portugal

Bibliografía portuguesa e estranjeira

Directores:

AUGUSTO MARTINS, CLAUDIO BASTO
& PEDRO VITORINO

Colaboração dos melhores Escritores
portugueses

Assinatura anual:

Portugal continental e insular, 15 escudos.

Colónias portuguesas, 25 escudos.

Brasil, 10 pesos 000 réis.

Outros Países, 6 chelins.

Redação e Administração:

R. dos Mártires da Liberdade, 178

Pôrto (Portugal).

Edicións de MARANUS

Rua dos Mártires da Liberdade, 178

PORTO

Norton de Matos—A Provincia de Angola	30 esc.
Wenceslau de Moraes—Relance da História do Japão.	12 "
Ezequiel de Campos—Política.	10 "
Carlos Parreira—Ex-Votos.	10 "
João T. de Vasconcelos—Memórias dum caçador de elefantes.	10 "
Branca Lopes Martins—Contos para crianças (ilustrado).	8 "
Claudio Basto—Fol Eça de Queirós um piçador.	10 "
Claudio Basto—A Linguagem de Camilo.	15 "
—O Doutor Diabo.	5 "
Pina de Moraes—Ao Parapeito.	10 "
Leonardo Coimbra—O problema da Educação Nacional.	2,5 "
—S. Francisco de Assis.	5 "
—Notas sobre a Abstracção Científica e o Simbolismo.	5 "
Augusto Martins e Marques Teixeira—Tábua de logaritmos (a cinco decimais).	18 "
Augusto Martins—Elementos de Aritmética (1.ª e 2.ª classes).	10 "
—Elementos de Algebra (3.ª classe).	8 "
—Elementos de Algebra (3.ª, 4.ª e 5.ª classes).	18 "
—A Matemática.	10 "
—Trigonometria plana.	10 "
—Lóca Feminino do Porto.	5 "
Lidia Belfulina—Caminhantes.	8 "
A. C. Pires de Lima—Cancioneiro Popular de Vila-Real.	6 "
Leão Martins—Lá d'ó ditado...	3 "
Visconde de Vila-Moura—Entre Mortos.	6 "

Pidan o catálogo ilustrado



A hixiene dos nenos
é a garantía da súa saúde física e
moral o día de mañá.

No diario aseo dos nenos emplee o
"Jabón Sales de la Toja",
único que ás súas altas calidades
meicifías xunta toda a finura e pre-
fume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto des-
enrolo das criaturas e evi-
ta o perigo da escrófula e
o raquitismo.

JABÓN
LA TOJA
UNICO EN EL MUNDO



O Xabrón da Toxa
é o mellor.
Honra á Galicia no
mundo enteiro



AGUAS DE
MONDARIZ

FUENTES DE GÁNDARA Y TRONCOSO
Propiedad de los Sres. Hijos de Peinador

Véndese en todas
Boticas, Droguerías
Hotels,
Depósitos d'augas
minerás,
Restaurants e
vagos-camas de
todol-os três

As mais indicadas en casos
de artrismo, desnutrizón, diabetes,
obesidades diversas, doenzas do
aparello dixestivo, anemia
e neurastenia

Riquísima auga de mesa
gaseada naturalmente.

MONDARIZ - BALNEARIO

a 35 kilómetros de Vigo